

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, integrantes do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á transparencia, información e prezos dos novos servizos ferroviarios do eixe atlántico.

Chocante foi o despregue publicitario por parte das institucións públicas na posta en marcha dos chamados novos servizos ferroviarios entre Vigo e A Coruña do chamado eixe atlántico, que tivo o seu reverso na falla de información e transparencia cara ás persoas usuarias destes servizos que apenas souberon os horarios e frecuencias cunha mínima antelación. Silencio que se estende aos prezos futuros, unha vez pase o partido do uso instrumental das institucións a cita electoral das municipais.

Se a infraestrutura ferroviaria chega cun gran retraso respecto as previsións iniciais e o fai nun contexto xeral de desmantelamento da rede ferroviaria convencional no noso país; se chega desta maneira faino ademais de xeito manifestamente incompleto, como se desprende da falla dos máis avanzados sistemas de seguridade (ERMTS), que suporá non poder aproveitar alomenos ate 2017 as potencialidades desta infraestrutura; se chega con esas insuficiencias e retrasos, este servizo ferroviario faino ademais sen atender as necesidades da cidadanía traballadora que o usa nos seus desprazamentos.

As frecuencias non están deseñadas para atender as necesidades das persoas que se desprazan ao seu traballo. As frecuencias serven para manter os intereses comerciais da compañía ferroviaria. Non aumentan as frecuencias malia teren aumentado no ao redor do 200% o número de persoas usuarias; e semellan pouco prácticos certos horarios para aquelas persoas que utilizamos estes servizos para ir e vir do traballo.

Incluso a falta de información nas semanas e mesmo días previos ao comezo da posta en marcha da infraestrutura revela a improvisación de frecuencias e polo tanto a falla de consideración para a cidadanía dos xestores deste servizo público.



Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que xestións vai realizar a Xunta de Galicia para conquistar unha modificación dos horarios que facilite o uso deste servizo polas persoas traballadoras, e un aumento das frecuencias co conseguinte incremento dos trens que circulan pola nova infraestrutura?

En Compostela, a 22 de abril do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 22/04/2015 11:46:53

Yolanda Díaz Pérez na data 22/04/2015 11:46:57